

PENTALOXÍA

Concepción Álvarez Pousa e Xosé Henrique Costas editan en Positivas unha *Escolma de poesía berciana en lingua galega (1860-1960)* que reúne a cinco poetas unidos pola particularidade de utilizaren o galego do Bierzo nas súas obras. Así, partindo das primeiras publicacións en prensa de 1860 -con autores como Isidoro Andrés Ovalle, José Bálgoma Suárez e Francisco de Llano e Ovalle que só utilizarán este medio-, e pasando polos *Ensayos poéticos en dialecto berciano* de Antonio Fernández Morales, chegamos ata 1960 onde sobrancea a obra de Ramón González-Alegre Bálgoma. É este un volume valioso no que, con todo, botamos en falta algunha referencia á situación actual.

Tempos Novos, 68, xaneiro 2003, p.84